

O programa económico de Feijóo

Eduardo L. Giménez Fernández (*)

Neste artigo tentaremos de indagar as claves económicas do novo goberno galego, a partir da única referencia seria que temos: o programa electoral do PP. Encetamos presentando o programa, para logo amosar luces e sombras.

O programa económico da futura Administración Feijóo posúe, tres compoñentes. En primeiro lugar, unha visión a medio-longo prazo, a idea do país, fundamentada en cinco eixos: 1) competitividade, apertura ao exterior e modernización das empresas; 2) infraestruturas de transporte, 3) ordeación do territorio; 4) modernización dos sectores produtivos; e, 5) a reforma da Administración. En segundo lugar, unha visión a curto-medio prazo nas que se atopan dúas medidas referidas á crise económica: 1) políticas de emprego; e, 2) fomento da actividade emprendedora. Finalmente, medidas de moi curto prazo, aquelas que o país precisa urxentemente, identificadas como nos 100 primeiros días: 1) un programa estratéxico para conquistar unha economía competitiva; 2) un plano de infraestruturas até o 2015; 3) a derogación de aspectos da Lei de Pesca, e un plano estratéxico do mexilón; e, 4) un plano de austeridade de Administración consistente en: i) aforro de 120 millóns de euros; e, ii) a creación dun grupo de traballo do máximo nivel para a mellora da eficiencia e racionalización administrativa.

Analizemos algúns aspectos do programa.

1) Sobre as medidas anti-crise. As medidas de fomento de emprego do programa referidas á modernización do Servizo Público de Emprego e da Formación pode ser unha novidade e precisáranse de ideas creativas. Na actualidade, as Oficinas de Emprego non cumpren a súa misión de conectar vacantes de emprego con desempregados. Os seus orientadores de emprego, se existen, son becarios con escasa experiencia para orientar a atopar emprego aos desempregados. Por outra banda os cursos de formación, nalgúns casos, son un despilfarro: forza-se aos desempregados a asistir a cursos dos que non van a sacar proveito, mais sirven para recibir unha subvención. A respecto dos problemas das empresas, calquer proxecto que a curto prazo poida conquistar unha economía competitiva, facilitando trámites administrativos e que fomenta a actividade emprendedora de ideas que creen riqueza na Galiza é benvido. Aínda que se precisa diñeiro para apoiar estas iniciativas: Porén, indicaba o Sr. Fontela, presidente da patronal galega, que o problema máis acuciante das empresas a curto prazo é de liquidez, para o cal o programa non presenta medidas. Alén diso, a Administración é morosa con pagos a máis de 9 meses. Neste senso, tampouco hai ningunha proposta no programa.

2) Sobre as medidas de austeridade. Aforrar 120 millóns de euros sempre é importante. Sen embargo, sexamos serios: se o orzamento da Xunta para o 2009 é de 11.793 millóns de euros, só representa unha pinga do 1%. Sen quitar tampouco mérito, ao final a Xunta é unha unidade administrativa de gasto. O aforro será para gasta-los noutra cousa, non para diminuir impostos. A medida de austeridade, pois, é unha proposta de gasto eficiente e racional o cal é interesante, aínda que dubido que non fora a preocupación de calquer goberno anterior. As sombras aparecen cando o novo goberno teña que recambiar cargos de con-

fianza, onde se teñan que pagar favores políticos colocando tanto a membros do aparello do partido como a fins. Alén diso, a experiencia pasada da Administración Fraga non foi precisamente un derroche de austeridade: as contas ocultas na Sanidade denunciadas polo Consello de Contas, ou proxectos faraónicos como o da Cidade da Cultura son exemplos do que a nova Administración Feijóo debe concurrar.

Na necesidade deste gasto eficiente albíscase atopar recursos para plasmar os proxectos do novo goberno. Esta será a misión do Grupo de Traballo do máximo nivel prometido no programa electoral. O Grupo centraranse en dúas liñas: diminuir gastos, e incrementar os ingresos. Debido a que os ingresos proceden do Estado Central nun 75%, só cabería un incremento nos impostos autonómicos, o cal non aparece no programa. Vencelladas están outras promesas que si aparecen, como é a revisión de todo o procedemento do con-



curso eólico. Vai a nova Administración Feijóo prescindir dos únicos ingresos (a maiores) a medio prazo procedentes das concesións do pasado concurso eólico? A respecto dos gastos temos que ser conscientes que están moi comprometidos, dada a estrutura dos orzamentos: o 45% vai pagar gasto corrente (salários, auga, luz, etc.), e sube ao 84,4% se incluímos ás transferencias correntes e de capital (é dicir, as entregas monetarias sen contrapartida a familias, empresas e organismos). Hai pouca marxe para o aforro, mais existen propostas no programa. Unhas moi interesantes, como a idea da administración dixital; outras máis de cara a galería, como a redución de consellerías, logo que ao final se agruparán varias secretarías xerais en novas macro-consellerías. Por certo, o programa considera a creación de múltiples novos organismos: dezaseis entre axencias galegas, consellos galegos e observatorios galegos, ou oficinas de elaboración do testamento vital en todos os hospitais, entre outros. Moitos deles serán caros, inoperativos e/ou simplemente innecesarios.

Podemos adiantar tres conclusións do Grupo de Traballo: i) non a insular a Administración de novos e de innecesarios cargos públicos; ii) non a constituir a meirande parte dos organismos que se prometeron no programa; e, iii) si a eliminar ás transferencias non productivas e non sociais. Sexamos realistas, a economía galega esta excesivamente subsidiada pola Administración, non se chanta

unha viña ou se organiza un curso para traballadores se non hai subvención da Xunta. Precisamente, polos réditos políticos e de control que teñen estas transferencias, un é escéptico do bo uso destes grupos de traballo, pois os políticos gustan de crealos, mais non gustan de seguir ás súas indicacións.

3) Sobre o programa electoral: qué é o que se vota en falta? Hai dúas accións de goberno das que se vota en falta maior concreción no programa electoral, por certo, as que involucran maior esforzo económico: Sanidade (30,1%) e Educación (20,3%). En primeiro lugar, qué proxecto ten a nova Administración Feijóo sobre Sanidade en termos de gasto eficiente? O programa electoral é demasiado xenérico. As melloras nos últimos vinte anos conquiritronse fundamentalmente polo lado da oferta, non sen as súas sombras: o fiasco da xestión semi-privada (Medtec e Fundacións), ou a sobrecarga asistencial sobre o persoal sanitario. Porén, o programa non considera a redución do gasto sanitario polo lado da demanda: a sostenibilidade e a calidade do sistema pasa por concientiar do seu custe, e a nivel político por tomar medidas lexislativas e organizativas, algunhas delas impopulares ou pouco vistosas politicamente. Por exemplo, en lugar de carísimos programas estrela (récoras de transplantes), fomentar unha Sanidade Primaria de calidade que reduciría a saturación nos Hospitais incluíndo as Urxencias, onde tamén se poderían reconducir doentes á Primaria co respaldo xurídico da institución sanitaria.

En segundo lugar, en materia de Educación calquer proposta incluída no programa implica maior gasto: ensinanza do inglés en Educación Infantil, redución de xornada para os profesores maiores de 55 anos, ou implantar 1 ordeador por alumno, entre outros. Unha última cuestión refírese ao financiamento das universidades. Mentres non exista un claro sistema de incentivos que prime a excelencia, o caso británico debería ser o exemplo a seguir, seguirá sen existir unha preocupación seria nas universidades por gastar eficientemente os recursos proporcionados pola Xunta.

En resumo, moitas luces, mais demasiadas sombras e incertezas no programa económico da nova Administración. Realizar promesas en período electoral é doado; implementar ditas promesas unha vez no goberno pode ser imposible.

Xa hai bastantes anos os partidos políticos de Holanda, nun acto de responsabilidade democrática, someten a factibilidade financeira dos seus programas electorais a un instituto imparcial, o CPB Netherlands Bureau for Economic Analysis. Seguindo as recomendacións económicas do Grupo de Traballo, as cales colisionan frontalmente con intereses políticos, se obterán os recursos monetarios necesarios para o cumprir co programa electoral. Se se van adoptar é outra incógnita que deberá solucionar o futuro Presidente Feijóo.

(*) Depto. de Fundamentos da Análise Económica, e Historia e Institucións Económicas, e rede (research group in economics, business and the environment) Universidade de Vigo.